Capítulo 1

Onde aínda non aparece ningún asomo de acción, senón só a descrición polo miúdo de cinco sacos, e iso desde a perspectiva dos veciños.

Margarethe Maria Sackmeier, coñecida como Gretchen, tiña catorce anos e ollos da cor gris dos croios do Danubio, cabelos castaño «cócker» e un diminuto nariz recachado. Medía un metro e sesenta centímetros e pesaba sesenta e catro quilos e trescentos gramos. Se era gorda ou non é algo difícil de precisar, pois ser gordo, coma outras moitas cousas na vida, é unha cuestión bastante relativa. No ximnasio, entre unha Evelyn delgada coma un pau e unha Sabine fraca coma unha estaca dentro dos seus traxes de ximnasia do talle 36, Gretchen atopábase a si mesma gordísima; máis gorda ca un bocoi. Na casa, entre papá, mamá, Hanschen e Mädi, Gretchen considerábase máis ben

unha persoa fina e esvelta, xa que, en comparación co bandullo de papá, as cadeiras de mamá, as tetiñas manteigosas de Hanschen e as bochechas de hámster de Mädi, os quilos de máis de Gretchen, ben repartidiños por todo o corpo, non tiñan importancia ningunha! E a avoa zwettleresa, chamada así porque vivía en Zwettl e que reunía harmonicamente na súa persoa e figura o bandullo de papá, as cadeiras de mamá, as tetiñas manteigosas de Hanschen e as bochechas de hámster de Mädi, chegaba mesmo a afirmar que Gretchen estaba realmente fraca, que tiña un aspecto fatal de fame de posguerra e que o que había que facer era alimentala como é debido.

A ninguén lle entusiasma estar gordo e, neste sentido, tampouco Gretchen era unha excepción, por iso encantáballe ir a Zwettl, á casa da avoa zwettleresa; agradáballe estar na casa, non lle gustaba demasiado o colexio e odiaba con toda a súa alma o ximnasio. Durante anos, e dúas veces por semana, cando no horario da clase aparecía a palabra «Ximnasia», Gretchen tería desexado non ter que se erguer pola mañá. Tería preferido

aturar unha ducia de exames de vocabulario de inglés antes que unha soa hora no ximnasio! Logo —disto hai un ano— a profesora de ximnasia de Gretchen tivo un neno e pediu a excedencia, e daquela viñeron tempos mellores para a rapaza, xa que a substituta era unha señora inxenua e un cacho de pan, disposta a aceptar escusas, e, neste sentido, Gretchen tamén soubo ser moi arteira. Decatárase de que non era conveniente zafarse da ximnasia, unha vez por arrefriado, outra por dor de barriga, outra por anxinas e, unha cuarta, polo período. Tal cúmulo de males nunha rapariga tan robusta e rosácea teríalle estrañado ata á señora profesora de ximnasia máis inxenua e santa. O máis razoable era explotar a fondo unha soa doenza: o período. Dores menstruais, trastornos menstruais, retrasos na regra, e mesmo unha lixeira inflamación de ovarios, son os impedimentos que Gretchen inventaba para non facer ximnasia. Loxicamente, unha cousa así só funciona tendo na casa unha nai que colabore, e ela tiña unha nai así. A nai de Gretchen escribía sen vacilar dúas amables cartas de desculpa por semana e nin sequera se

poñía encarnada de vergoña cando, o día de reunión cos pais, a señora profesora de ximnasia comentaba con ela as complicacións e mais os trastornos do baixo ventre de Gretchen. Despois, na casa, cando lle contaba ao pai de Gretchen a reunión, desculpaba o embuste dicindo: «Despois de todo, nosoutras xa sabemos o que é iso! As persoas redondiñas temos os nosos complexos de inferioridade e diso non temos culpa! Boa nai había ser eu se non axudase a miña filla niso!» e logo suspirando estiraba o longo xersei ata máis abaixo das cadeiras. Esta era unha constante teima súa. Estiraba o xersei polo menos un cento de veces ao día. Por iso, os xerseis da nai de Gretchen eran dous palmos máis longos polas costuras laterais do que por diante e por detrás.

«O acocho dos michelíns!», chamáballe ironicamente o pai de Gretchen a esta manía do xersei. El non acochaba o seu gran bandullo. Lucíao con fachenda por riba do pantalón deixando á vista retallos del entre os botóns da camisa. O pai de Gretchen tiña, pola contra, a teima do bigote. O bigote do pai de Gretchen era brillante, e groso

e negro como a á dun corvo. E a manía que o papá tiña era que sempre o andaba a revirar.

Vendo a televisión, lendo, facendo encrucillados, falando e escoitando; sempre e en todo lugar andaba sobando as guías do bigote e enrolándoas ata formar con elas puntiñas duras e finas, ou pequenos e graciosos seises.

O irmán de Gretchen, Hanschen, tiña doce anos e tamén tiña unha manía. Só se sentía a gusto co dedo índice da man esquerda dentro da venta dereita do nariz. Nin sequera a máis teimuda das mestras fora quen de lle quitar esta manía. Aínda que a verdade é que Hanschen non furgaba realmente no nariz, xa que nunca sacaba nada del. Non movía nadiña o dedo dentro do nariz. Era máis ben coma se quixese taponar o buraco.

Mädi non tiña ningunha manía en especial. A non ser que se consideren manías ser rosmona, choromicar e nifrar; pero iso, máis ben, pódese dicir que son trazos de personalidade. Probablemente, Mädi era aínda pequena de máis para ter unha verdadeira manía. Non pasaba dos seis anos.

A propia Gretchen tiña varias manías ao tempo. Encantáballe adentar guechos do seu cabelo castaño «cócker». Principalmente durante as aburridas horas de clase facía pequenas trenciñas co floco. Estarricaba os dedos ata que renxían. E rañaba na barriga, aínda que non lle proese. Á parte diso, pintaba constantemente o antebrazo esquerdo co bolígrafo, de maneira que sempre semellaba unha escaiola de curso de esquí. E tamén olfacteaba, disto nin ela mesma se decataba. Cando estaba escoitando con atención a alguén, engurraba o seu diminuto nariz recachado e olfacteaba coma se andase detrás dalgún cheiro sospeitoso e extremadamente inconveniente.

Na casa onde Gretchen vivía non se falaba con demasiada amabilidade dela e mais da súa familia. Non dicían: a familia Sackmeier. Nin: os Sackmeier. Senón: os Sacos! Konni, o fillo dos veciños dos Sackmeier, era o que tivera a ocorrencia. Konni estaba delgadísimo e atopaba a xente gorda máis divertida ca o chiste máis gracioso. Todos os domingos, ás nove en punto,

Konni asomábase á ventá que daba ao aparcadoiro, pois sabía que, ás nove en punto, os Sacos emprendían a súa viaxe domingueira a Zwettl, á casa da avoa. Aínda non ben saían do portal Gretchen, Hanschen, Mädi, a nai e o pai, poñíase a berrar: «De présa, de présa, ides perder de ver os Sacos!» e facíalles sinais aos seus pais para que se achegasen á ventá. Estes viñan decontado e, os tres, contemplaban abraiados e entre risos como Gretchen, Hanschen e Mädi se metían no pequeno Mini, como o pai e a nai se remexían con dificultade na parte dianteira e como a carrozaría do Mini se afundía máis e máis baixo o seu peso e, contendo a risa, dicíanse uns aos outros que un Mini é un coche prodixioso, o dobre de grande por dentro que por fóra. O pai de Konni exclamaba sempre: «Aposto a que a señora Saco non entra hoxe pola portiña do Mini!» e a nai de Konni exclamaba: «Xa entrou, xa entrou! Aumentoulle o traseiro!» e os tres ficaban entristecidos cando o pequeno Mini azul saía pola porta do patio. «Podería pasar toda a miña vida mirando os seis Sacos», dicía daquela Konni. Dicía

«seis» porque contaba tamén a xigantesca bolsa ateigada de provisións que a nai de Gretchen preparara.

Pero Gretchen, Hanschen, Mädi, a nai e o pai, por sorte, non sospeitaban nada desas maldades cando, apertados coma as sardiñas na lata, saían disparados cara a Zwettl, á casa da avoa.

Á parte dos quilos de máis e das diferentes pequenas manías, se cadra habería que engadir sobre os «Sacos» Sackmeier que eran moi amables e cariñosos entre si, aturando, mesmo, sen queixáranse demasiado, os eternos gruñidos e choromicadas de Mädi. Que o pai se chamaba Egon e estaba empregado na oficina dunha fábrica de pastas alimenticias talvez sexa tamén importante, así como que a nai se chamaba Elisabeth e non tiña profesión ningunha; no caso de se considerar que ser «ama de casa» non é unha profesión.

E, ben, tamén que Hanschen coleccionaba plumas de paxaro. Xa enchera tres álbums xigantescos con toda clase de plumas, de galiña, pomba, faisán, periquito…, que fora atopando por aí.

Había seis semanas que Mädi ía ao colexio, aínda que non se pode dicir que lle gustase moito. E o que ela tiña era un desexo sen cumprir: había anos que quería ter un gato negro. Gretchen lía novelas de sesenta páxinas sobre os amores da alta nobreza, pero moi en segredo, xa que lle daba vergoña facelo.

E á nai, encantáballe cociñar. «O meu hobby é a cociña», adoitaba dicir. Ás veces facía tortas de tres tipos de masa distintos e enchíaas con dúas clases diferentes de crema, adornándoas con mazapán e cereixas confeitadas. E facíaas sen ningún motivo especial. O pai levaba un susto cada vez que vía unha torta desas, porque pensaba que esquecera o aniversario de alguén. Ou, talvez, o aniversario de voda, o que aínda tería sido peor. Pero, daquela, a nai tranquilizábao: «Simplemente me apetecía moitísimo facer unha torta», dicíalle. E despois, todos os Sackmeier se botaban á torta coma se levasen unha morea de días sen probar bocado.

Polo resto, non creo que haxa nada máis que saber de Gretchen e da súa familia antes de que a historia principie de verdade.